

CLAVES PARA CAMBIAR

ISHIKAWA E AS METAS VOANTES

A utopía está no horizonte. Camiño dous pasos, ela alónxase dous pasos e o horizonte desprázase dez pasos máis aló. Daquela, para que serve a utopía? Para iso, serve para camiñar.

Eduardo Galeano



O gran reto da formación do profesorado en exercicio é a transferencia, o impacto nas aulas, nos centros educativos. En moitas ocasións detectamos que as actividades formativas, malia que sexan de calidade, interesantes, non chegan as aulas, non cambian a práctica.

Ao abeiro dunha destas actividades – os Encontros de coordinadores e coordinadoras de actividades de formación en centros – tratamos de aproveitar o potencial creativo e a experiencia de máis de cincuenta docentes – que lideran actividades de formación e innovación en diferentes colexios e institutos – para definir cales son as claves que permiten cambiar, innovar, producir cambios nos centros educativos.

6 OBSTÁCULOS PARA O CAMBIO

Comenzamos por analizar que nos impide avanzar, cambiar. Axudándonos dun recurso para pensar – o diagrama de Ishikawa (*) – analizamos cales son as causas que adoitan entorpecer as iniciativas de innovación. Conseguimos definir seis grandes problemas, seis importantes resistencias que xorden cando queremos cambiar. Son as seguintes:

1. A falta de **convencemento**. De verdade quero cambiar? Necesito cambiar?
2. **Obxectivos** ben definidos. De verdade sei que quero conseguir? É posible?
3. **Planificación**. Teño pensado o itinerario que hai que recorrer? Que pasos hai que dar?
4. **Motivación**. Os esforzos que propoño, resultan motivadores? Interesan de verdade? Pagan a pena?
5. **Acompañamento**. Estou so ante o cambio? Non comparto con ninguén a aventura?
6. **Medo**. Ao descoñecido? Ao ridículo? Ao conflito? Ao difícil? Ao fracaso?

6 PROPOSTAS PARA SALVAR OS OBSTÁCULOS

Enfocamos entón estas dificultades e tratamos, en equipos, de deseñar as claves para superalas. Son as claves para cambiar. E xa non serán seis, porque resultou que as apreciacións dos grupos coincidiron dun xeito moi especial. Coincidiron tanto que case poderíamos dicir que as claves son dúas. Vexamos primeiro as seis conclusións dos grupos:

- ❖ Grupo 1. Clave para superar a dificultade do convencemento, da necesidade de cambio.
O MELLOR DA VIAXE É GOZAR DO CAMIÑO
Será interesante deseñar obxetivos alcanzables a curto prazo, con recompensas cercanas e con prazos concretos.
- ❖ Grupo 2. Clave para salvar o obstáculo da (falla de) planificación.
CADA PASO É UN ÉXITO
Convén visualizar a meta, e ter gañas de continuar, valorar os beneficios de cada pequeno cambio para avanzar no camiño.

- ❖ **Grupo 3. Clave para mellorar e manter a motivación.**
PASOS CURTOS, METAS CLARAS E COMÚNS
Necesitamos facer unha secuenciación clara de obxectivos parciais. Tamén unha análise e difusión periódica de avances. Sen esquecer unha asignación definida de responsabilidades.

- ❖ **Grupo 4. Clave para definir os obxectivos.**
PASENIÑO E GOZANDO DO CAMIÑO
Cómpre establecer METAS VOANTES e avaliar os RETOS SUPERADOS

- ❖ **Grupo 5. Clave para traballar coa cuestión do acompañamento.**
COLABOR-ANDO+É MELLOR
As decisións (sobre metodoloxía e organización) tómanse en común. Foméntase a participación activa dos membros do grupo. Todos e todas deben coñecer o traballo realizado e os resultados finais. Debemos fomentar a alegría e motivación e, para iso, son moi importantes as experiencias comúns (comidas, etc.)

- ❖ **Grupo 6. Clave para loitar contra o medo.**
OS MEDOS COMPARTIDOS SON MENOS MEDOS
O medo supérase co coñecemento, buscando información, pedindo axuda e traballando en equipo, cooperando, confiando nos demais e, sobre todo, aprendendo dos erros (a través da reflexión). Hai que buscar estratexias para reforzar a confianza.

CLAVES PARA CAMBIAR. 2 CLAVES

En definitiva e como conclusión. Seis lemas, seis claves que realmente apuntan a **dúas cuestións fundamentais**:

1. A necesidade de ter un bo modelo, un ideal, unha meta, pero coa condición necesaria de deseñar un camiño, os pasos que hai que dar, sabendo que cada un deses pasos é xa un éxito. **A clave é vivir o cambio como un proceso, como un camiño.**

2. A outra gran clave é camiñar acompañados/as. O medo (os múltiples medos que nos atenazan e nos paralizan) vólvese menos importante cando compartimos a aventura. **A clave é colaborar, facer equipo, confiar** noutras persoas, camiñar xuntos/as.

Son dúas claves moi, moi interesantes. Sintetizan o saber e a experiencia de todo un gran equipo. O enorme equipo de formación do profesorado que conformamos os coordinadores e coordinadoras das actividades de formación en centros, máis o pequeno equipo de asesoras e asesores do CFR de Pontevedra. Nestes dous breves enunciados hai moita máis información do que parece a simple vista.

Temos o inicio. Continuaremos cos seguintes pasos. Este xa é un éxito.

Equipo de asesores/as do CFR Pontevedra.

LIGAZÓN. (á infografía resumo deste traballo: CLAVESXCAMBIAR)<https://magic.piktochart.com/output/5630923-clavesxcambiar>

(*) O diagrama de Ishikawa ou diagrama de Causa-efecto. Unha ferramenta para pensar.
http://es.wikipedia.org/wiki/Diagrama_de_Ishikawa